

Achegámosvos a información relativa ao Campamento de verán organizado polo concello do Pereiro de Aguiar.

A duración do campamento é de cinco días, os rapaces poderán disfrutar da práctica de deportes de auga como vela e piragüismo , ademais de participar noutros obradoiros e das veladas de campamento.

A distribución das quendas organízase polo ano de nacemento:

\* **Do 17 ao 21 de agosto**, para os nenos de idades comprendidas entre 8 e 10 anos. ( ano de nacemento **1999-2001**)

\* **Do 24 ao 28 de agosto**, para nenos de idades comprendidas entre 11 e 14 anos. (ano de nacemento **1995-1998**)

A reserva de praza farase por orde de inscrición, o prazo abrirase o 15 de maio e remata o día 15 de xuño . Para reservar a praza deberedes cumprimentar a solicitude da reserva que se encontra na parte posterior do tríptico, e entregala na Biblioteca Municipal, xunto coa seguinte documentación:

- Reserva de praza.
- Autorización dos pais para participar na actividade.
- Autorización para difusión das fotografías dos menores.
- Informe de datos médicos destacables, cubrir modelo que se xunta.  
No caso de que teña que tomar medicacións, facer un listaxe das pautas.
- Fotocopia da Cartilla da Seguridade Social.
- Fotocopia do DNI.
- Declaración responsable de que sabe nadar.
- Unha fotografía
- Copia xustificante de pagamento

Se tedes algunha dúbida podedes chamar ó teléfono de contacto **988.25.98.39**

O Pereiro de Aguiar, 20 de abril de 2009.

O Alcalde.

Asdo.- Eliseo Fernández Gómez